



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ESPECIFICO PARA O DESENVOLVEMENTO
DE UN PROGRAMA DE BECAS DIRIXIDO A TITULADOS UNIVERSITARIOS**

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. é unha Sociedade Mercantil, pertencente ao sector público galego creada por Decreto 111/1992, de 11 de abril, coma unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, cúas competencias son a xestión de residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas conseguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito dos residuos.

Ditas actividades realízanse nunhas instalacións industriais complexas, que dispoñen entre outros de laboratorios, talleres de mantemento, almacéns, maquinaria fixa e móbil, etc.. Nestas instalacións traballan profesionais de múltiples especialidades, dispostos a acoller alumnos en prácticas dos diferentes programas de formación, principalmente de centros de ensinanza públicos dependentes da Xunta de Galicia, contribuíndo deste xeito á mellor formación dos alumnos de ditos centros ou titulados cara a acadar mellores profesionais no ámbito de actividade de Sogama.

(2) **Antecedentes:** Sogama ven colaborando e acollendo titulados universitarios a través do programa de becas Feuga PBF, para completar a súa formación académica dende hai anos. Neste tempo a valoración positiva tanto dos alumnos que remataron a súa beca nas nosas instalacións, como o de as persoas que tutelaron ditos alumnos



durante a súa estadía, confirman a necesidade de seguir apostando pola suscripción de convenios de colaboración no marco da educación e o ensino.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/06/2016 ata o 30/11/2016.

(4) O convenio ten por obxecto: acoller un/ha alumno/a titulado en Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas para a realización de prácticas formativas a través do programa PBF de FEUGA.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:
O obxectivo do convenio é a colaboración entre as entidades ás que se representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación no centro de traballo de Sogama, dirixido a un/ha alumno/a de Dirección e Administracións de Empresas.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Cerceda a 1 de xuño de 2016.

Isidro García Téllez

Director Xeral.

asinado dixitalmente